Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

Cantigüelas de Bergantiños (IV)

O río cando vai cheo
leva carballos e follas.
Tamén podía levare
ás língoas marmuladoras.

marmulos de min e doutro,
marmulos de min e doutro.
No inferno hai unha cama
para descansar un pouco.

Andivécheste alabando
de cousas que non me fixeches :
díchesme un bico no cú,
outra cousa non puideches.

Espero que me perdoes
se che ofenden as palabras :

a min a quen me dá couces,
eu arréolle patadas.

Heiche de contar un conto
de trescentas mil mentiras :
pola mar andan as lebres
e polo monte as enguías.

Andásme chamando tola,
tola coma miña nai :
o que me a min chame tola,
que me apañe o que me cai.

Panadeira nona quero,
que anda mui enfariñada :
eu quéroa labradora,
que teñen unha millonada.

Costureira nona quero,
que a quero tecelana :
ergue un pé, abaixa o outro
e dá moi bo durmir na cama.

Arrimeime ó pino verde
por ver se me consolaba :
o pino, como era verde,
en vez de cantar, choraba.

Yo no sé que siento, madre,
aquí dentro en la barriga :
siento un movimiento estraño
que no me deja tranquila.

Hija mía de mi alma,
huelgan tus explicaciones :
que te metieron nel cuerpo

hasta los mismos bombones.

Se queres boa moza,
vaina buscar á ribeira :
hainas de media polaina,
hainas de polaina enteira.

Se queres a boa moza,
na busques na romería :
búscala na súa casa,
na roupa de cada día.

Heiche de dar o boi louro
e máis a vaca marela
e maila filla máis nova
se non queres a máis vella.

A muller do Tío Mateo
tamén ten unha xiroba
que lla fixo o Tío Mateo
e foi co rabo da escoba.

Miña sogra morriu onte,
deixou o caldo na ola :
vamos come-lo caldiño,
miña sogra que se foda.

Cando se fala dos sogros
é cousa desdagerada :
fixeron unha de azúcar
e dín que muito amargaba.

Que tal che foi, casadiña,
o outro día da voda?
Foime ben, gracias a Deus,
nunca eu casada fora.

Se queres que o carro cante,
como aquel do meu veciño,
bótalle o eixo de freixo,
as treitorías de sanguiño.

[Recompilación de Luis Antonio Giadás Álvarez, de Ponteceso (A Coruña), na bisbarra de Bergantiños, remitida en xuño de 2009]